

31 de maio, 1 e 2 de xuño

THE GETAWAY

Dirección: Sam Peckinpah
Intérpretes: Steve McQueen e Ben Johnson
 EE.UU. 1972 - 122 min (VOS en castelán)
 Formato: 35 mm

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS
 * GLOBOS DE OURO 1972: NOMEADA MELLOR BANDA SONORA ORIXINAL

* **Centenario Ben Johnson (actor)**

Doc McCoy cumpre condena de dez anos por asalto a man armada. Grazas á súa esposa Carol, consegue a liberdade provisional, pero a cambio, o matrimonio terá que atracar a un banco. Durante o asalto, un dos seus dous cómplices e o vixiante resultan mortos. O sobrevivente perségueos para acabar con eles e apoderarse do botín.

7, 8 e 9 de xuño

WHAT EVER HAPPENED TO BABY JANE?

(QUE FOI DE BABY JANE?)

ÚNICOS
 PASES
 20:30 H

Dirección: Robert Aldrich
Intérpretes: Bette Davis e Joan Crawford
 EE.UU. 1962 - 132 min (VOS en castelán)
 Formato: 35 mm
 NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS
 * OSCAR 1962: MELLOR VESTIARIO B&N. 5 NOMEAMENTOS
 * GLOBOS DE OURO 1962: NOM. MELLOR ACTRIZ- DRAMA (DAVIS) E ACTOR SEC.
 * SINDICATO DE DIRECTORES (DGA) 1962: SELECCIONADA A MELLOR DIRECTOR
 * PREMIOS BAFTA 1963: 2 SELECCIONS A MELLOR ACTRIZ ESTRANXEIRA
 * FESTIVAL DE CANNES 1963: SELECCIONADA Á PALMA DE OURO (MELLOR FILME)

* **Centenario Robert Aldrich (director)**

As irmás Jane e Blanche Hudson foron estrelas infantís de Hollywood, pero as súas carreiras seguiron traxectorias moi distintas. Mentres que Jane, ao crecer, foi esquecida polo público, Blanche converteuse nunha actriz de éxito. Tras un misterioso accidente de coche, Blanche quedou prostrada nunha cadeira de rodas ao coidado da súa irmá Jane, que goza atormentándoa.

14, 15 e 16 de xuño

STRANGERS ON A TRAIN

(ESTRAÑOS NUN TREN)

Dirección: Alfred Hitchcock
Intérpretes: Robert Walker e Ruth Roman
 EE.UU. 1951 - 101 min (VOS en castelán)
 Formato: 35 mm

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 13 ANOS
 * OSCAR 1951: SELECCIONADA MELLOR FOTOGRAFÍA (BRANCO E NEGRO)
 * SINDICATO DE DIRECTORES (DGA) 1951: SELECCIONADA MELLOR DIRECTOR
 * NATIONAL BOARD OF REVIEW 1951: TOP 10 MELLORES FILMES

* **Centenario Robert Walker (actor)**

Durante unha viaxe en tren, Guy, un novo campión de tenis, é abordado por Bruno, un mozo que coñece a súa vida e milagres a través da prensa e que, inesperadamente, proponlle un dobre asasinato, pero intercambiando as vítimas co fin de garantirse reciprocamente a impunidad. Así poderían resolver os seus respectivos problemas: el suprimiría a muller de Guy e, a cambio, Guy debería asasinar o pai de Bruno para que este puidese herdar unha gran fortuna e vivir ao seu aire.

21, 22 e 23 de xuño

SHADOW OF A DOUBT

(A SOMBRA DUNHA DÚBIDA)

Dirección: Alfred Hitchcock
Intérpretes: Joseph Cotten e Teresa Wright
 USA, 1943 - 108 min (VOS en castelán)
 Formato: 35 mm

* **Centenario Teresa Wright (actriz)**

A casa dos seus familiares, na tranquila vila de Santa Rosa, chega un día o encantador tío Charlie, un sedutor criminal que viaxa de Filadelfia a California e ao que a xustiza vai seguíndolle a pista. A súa sobriña, a pesar de que non sabe nada das súas actividades, non tardará en sospeitar que o seu tío é o misterioso asasino de viúvas ao que a policía anda buscando.

28, 29 e 30 de xuño

DRIVE BY NIGHT

(A PAIXÓN CEGA)



Dirección: Raoul Walsh
Intérpretes: Ida Lupino e George Raft
 EE.UU. 1940 - 95 min (VOS en castelán)
 Formato: 35 mm
 NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* **Centenario Ida Lupino (actriz)**

Joe e Paul Fabrini son dous irmáns que tratan de abrirse camiño pola súa conta como camioneiros. Tras uns duros inicios, as cousas comezan a ir ben, pero a ambición de Joe e a aparición dunha muller obsesionada con el farán que todo se complique.

HORARIOS: xoves 20.30 h; venres 20.30 h e sábado ás 17.30 e 20.30 h

* Agás "*Happened to baby jane?*" que se proxectará unicamente xoves, venres e sábado ás 20.30 h

* *Pídese puntualidade, unha vez comezada a proxección non se permitirá o acceso á sala.*

ENTRADAS: 3,00 €

(Carné xove, +65 anos, ou persoas desempregadas: 2,00 €)

* *Imprescindible achegar o documento que acredite o desconto no momento de comprar a entrada*

SESIÓNS DO ESPECTADOR: sábados 17.30 h

PREZO ÚNICO: 1,50 €

ABONO 5 PELÍCULAS: 12,00 €

VENDA NO DESPACHO DE BILLETES: media hora antes de cada función (só se quedan entradas dispoñibles)

VENDA ANTICIPADA: na conserxaría, de luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h; sábados de 10.00 a 13.00 h

FORUM METROPOLITANO